

Dous poemas de Iosif Brodskii e Velimir Khlebnikov traducidos ao galego

Rosana Murrias Carracedo¹

“Non saias da habitación” é, sen dúbida, o poema máis popular de Iosif Brodskii en Rusia. Isto débese en boa medida ao recitado que o propio autor fai destes versos, co seu emblemático xeito de ler poesía, que leva décadas circulando gravado en audio e atópase hoxe facilmente na internet. Brodskii, nado en San Petersburgo en 1940 e falecido en Nova York en 1996, é unha figura fundamental para entender non só a literatura senón tamén a sociedade rusa da segunda



metade do século XX. Máis aló do Nobel recibido en 1987 ou da súa fama internacional, o que caracteriza a Brodskii para os seus compatriotas é a súa personalidade rebelde e libre, dalgún xeito, un pouco punk.

Velimir Khlebnikov é unha figura clave das vangardas de inicios do século XX e o máximo expoñente do movemento futurista en Rusia. O poema “Conxuro de risa” é un xogo, un xogo de palabras coa verba *Смех* (Risa). O poeta usa todos os recursos morfolóxicos do ruso para crear novos termos e conceptos. Eses mecanismos son moi distintos aos que ten o galego, de xeito que tivemos que botarlle imaxinación e crear os nosos propios xogos. A tradución é un traballo de equipo, nela participaron, ademais de Rosana Murrias, os alumnos de galego da Universidade Estatal de San Petersburgo. Fixémola por encargo de Xelís de Toro, gran admirador dos escritores vangardistas rusos.

¹ Rosana Murrias é licenciada en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Románica, así como Doutora en Literatura. Vive en Rusia dende o 2009, onde imparte clases de galego e castelán na Universidade Estatal de San Petersburgo. En 2023 publicou a súa primeira novela en galego, *Pel de crocodilo*, e vén de presentar, xunto a María Tolstaia, a tradución da obra rusa *Corazón de can* de Mikhail Bulgákov á nosa lingua. A escolla dos poemas que aquí se ofrecen vén motivada pola súa importancia na cultura rusa. Trátase de pezas ben coñecidas polo público xeral e que funcionan como referencias básicas en contextos tanto cultos como populares. Créditos das imaxes: <https://www.gw2ru.com/arts/2322-who-is-joseph-brodsky> e <https://rvb.ru/20vek/khlebnikov/>.

Не выходи из комнаты...

Иосиф Брódский
(1940-1996)

Не выходи из комнаты, не совершай ошибку.
Зачем тебе Солнце, если ты куришь Шипку?
За дверью бессмысленно всё, особенно —
возглас счастья.
Только в уборную — и сразу же возвращайся.

О, не выходи из комнаты, не вызывай мотора.
Потому что пространство сделано из коридора
и кончается счетчиком. А если войдет живая
милка, пасть разевая, выгони не раздевая.
Не выходи из комнаты; считай, что тебя
продуло.
Что интересней на свете стены и
стула?
Зачем выходить оттуда, куда вернешься вечером
таким же, каким ты был, тем более
— изувеченным?

О, не выходи из комнаты. Танцуй, поймав,
боссанову
в пальто на голое тело, в туфлях на босу ногу.
В прихожей пахнет капустой и мазью лыжной.
Ты написал много букв; еще одна будет
лишней.

Не выходи из комнаты. О, пускай только
комната
догадывается, как ты выглядишь. И вообще
инкогнито
эрго сум, как заметила форме в сердцах
субстанция.
Не выходи из комнаты! На улице, чай, не
Франция.

Не будь дураком! Будь тем, чем другие не были.
Не выходи из комнаты! То есть дай волю мебели,
слейся лицом с обоями. Запрись и
забаррикадируйся
шкафом от хроноса, космоса, эроса, расы,
вируса.

Non saias da habitación

Iosif Broskii
(1940-1996)

Non saias da habitación, non cometas o erro.
Para que queres Sol, se ti fumas negro?
Aló da porta todo é desatino, máxime
os berros de alegría.
Tan só ao baño... e regresa deseguida.

Oh, non saias da habitación, non chames ao motor.
Porque o espazo está feito de corredor
e remata no contador. Pero se entra unha rapariga
comezando a boquexar, bótaa fóra sen espila.
No saias da habitación; pensa que tes
unha catarreira.
Hai algo de máis interese que unha parede e unha
cadeira?
Para que saír de alí a onde volverás xa anoitecido
tal e como estabas antes, e inda por riba
tollido?

Oh, non saias da habitación. Baila, collendo a
bossanova
co abrigo no corpo espido, con zapatos de base nova.
No recibidor cheira a repolo e a cera para esquís.
Escribiches moitas letras; unha máis será
prescindíbel.

Non saias da habitación. Oh, deixa que só a
habitación
sospeite cal é o teu aspecto. E, en xeral,
incógnito
ergo sum, como á forma lle dixo irada a
substancia.
Non saias da habitación! Na rúa, meu, non che é
Francia.

Non sexas parvo! Sé aquilo que os demais non fosen.
Non saias da habitación! Dálle vontade aos mobles,
mimetízate cas paredes. Péchate e fai
unha barricada
co armario do cronos, o cosmos, o eros, os virus,
a raza.

Заклятие смехом

Велимир Хлебников
(1885-1923)

О, рассмейтесь, смехачи!
О, засмейтесь, смехачи!
Что смеются смехами, что смеяньствуют
смеяльно,
О, засмейтесь усмеяльно!
О, рассмешиц надсмеяльных — смех
усмейных смехачей!
О, иссмейся рассмеяльно, смех надсмейных
смеячей!
Смейево, смейево!
Усмей, осмей, смешики, смешики!
Смеюнчики, смеюнчики.
О, рассмейтесь, смехачи!
О, засмейтесь, смехачи!

Conxuro de risa

Velimir Khlebnikov
(1885-1923)

Oh, ride ride, ridores!
Oh, rindo ride, ridores!
Que rin risadas, que lle dan á risa
riseiramente.
Oh, ride ride ben riseiramente!
Oh, os fanmerires que de todos rin son a risa
dos ridores que riseiros rin!
Oh, rir a risotadas, risa dos risibles
rintes!
Risante, risante!
Rir de rir, rir rindo, risiñas, risiñas!
Riseiriños, riseiriños!
Oh, ride ride, ridores!
Oh, rindo ride, ridores!